

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomea o tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a convocado pola Resolución do 1 de marzo de 2018.

Mediante Resolución desta dirección xeral do 1 de marzo de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 50, do 12 de marzo) convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a.

Na súa base sétima dispónse que o tribunal cualificador do concurso-oposición será nomeado pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas, publicándose para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa antedita base, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

ACORDA:

Primeiro. Nomear os membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo para o ingreso na categoría de enfermeiro/a convocado por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 1 de marzo de 2018, e que aparecen relacionados no anexo desta resolución.

Segundo. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e do persoal colaborador, negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade de data 20 de xullo de 2018, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Terceiro. Esta resolución producirá os seus efectos a partir do mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos



ANEXO

Enfermeiro/a			
Presidente/a titular	Rodríguez Muriel, José Matías	Persoal estatutario de xestión e servizos	Enfermeiro/a
Secretario/a titular	Ríos Carro, M ^a José	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa
Vogal titular	Fernández Salgado, José Antonio	Persoal estatutario de xestión e servizos	Enfermeiro/a
Vogal titular	Millán Agrasar, Ana M ^a	Persoal estatutario de xestión e servizos	Enfermeiro/a
Vogal titular	Otero Rodríguez, Marta	Persoal estatutario de xestión e servizos	Enfermeiro/a
Presidente/a suplente	Fernández Varela, M ^a del Pilar	Persoal estatutario de xestión e servizos	Enfermeiro/a
Secretario/a suplente	Andrade Suárez, Paz	Persoal funcionario do corpo superior de administración da Xunta de Galicia	
Vogal suplente	Grandal Fernández, Juan Enrique	Persoal estatutario de xestión e servizos	Enfermeiro/a
Vogal suplente	Martínez Morán, Juan Carlos	Persoal estatutario de xestión e servizos	Enfermeiro/a
Vogal suplente	Rodríguez Iglesias, Francisco Javier	Persoal estatutario de xestión e servizos	Enfermeiro/a

